



SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN EN UNIDADES DIDÁCTICAS

Sen perxuízo de que o elemento fundamental do currículo sexa o estándar de aprendizaxe pola súa directa relación coas competencias clave e os obxectivos, por motivos de comodidade e claridade, neste apartado da programación unicamente se distribúen os contidos en unidades didácticas; pola relación dos mesmos cos correspondentes estándares reflexada no anterior apartado, queda logo garantida a temporalización dos estándares de aprendizaxe avaliados ao longo de todos os cursos.

ESO

Bloque 1: Procesos, métodos e actitudes en matemáticas

Polo **carácter transversal** destes contidos, van ser traballados ao longo do todo o curso e en todos os cursos da ESO. Polo tanto estarán presentes nos tres trimestres nos cursos de 1º, 2º, 3º e 4º da ESO.

Contidos do Bloque 1

B1.1. Planificación e expresión verbal do proceso de resolución de problemas.

B1.2. Estratexias e procedementos postos en práctica: uso da linguaxe apropiada (gráfica, numérica, alxébrica, etc.), reformulación do problema, resolución de subproblemas, reconto exhaustivo, comezo por casos particulares sinxelos, procura de regularidades e leis, etc.

B1.3. Reflexión sobre os resultados: revisión das operacións utilizadas, asignación de unidades aos resultados, comprobación e interpretación das solucións no contexto da situación, procura doutras formas de resolución, etc.

B1.4. Formulación de proxectos e investigacións matemáticas escolares, en contextos numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos, de xeito individual e en equipo. Elaboración e presentación dos informes correspondentes.

B1.5. Práctica dos procesos de matematización e modelización, en contextos da realidade e en contextos matemáticos, de xeito individual e en equipo.

B1.6. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes axeitadas e afrontar as dificultades propias do traballo científico.

B1.7. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para:

- Recollida ordenada e organización de datos.
- Elaboración e creación de representacións gráficas de datos numéricos, funcionais ou estatísticos.
- Facilitación da comprensión de conceptos e propiedades xeométricas ou funcionais e a realización de cálculos de tipo numérico, alxébrico ou estatístico.
- Deseño de simulacións e elaboración de predicións sobre situacións matemáticas diversas.
- Elaboración de informes e documentos sobre os procesos levados a cabo e os resultados e as conclusións obtidos.
- Consulta, comunicación e posta en conxunto, en ámbitos apropiados, da información e das ideas matemáticas.

1º ESO

O primeiro trimestre estará dedicado basicamente aos números enteiros e racionais do Bloque 2: Números e Álgebra. En total destínanse 11 semanas do curso distribuídas do seguinte modo:

B 2. Números e Álgebra	UD 1. Divisibilidade de números naturais. Potencias e raíces.	3
	UD 2. Números enteiros.	3
	UD 3. Fraccións.	3
	UD 4. Proporcionalidade e porcentaxes.	2
Total semanas		11

UD 1. Divisibilidade de números naturais. Potencias e raíces.

- B2.10. Divisibilidade dos números naturais: criterios de divisibilidade.
- B2.11. Números primos e compostos. Descomposición dun número en factores. Descomposición en factores primos.
- B2.12. Múltiplos e divisores comúns a varios números. Máximo común divisor e mínimo común múltiplo de dous ou máis números naturais.
- B2.14. Potencias de base 10. Utilización da notación científica para representar números grandes.

UD 2. Números enteiros.

- B2.1. Números negativos: significado e utilización en contextos reais.
- B2.2. Números enteiros: representación, ordenación na recta numérica e operacións. Operacións con calculadora.
- B2.6. Potencias de números enteiros con expoñente natural: operacións.
- B2.7. Cadrados perfectos. Raíces cadradas. Estimación e obtención de raíces aproximadas.
- B2.8. Xerarquía das operacións.
- B2.9. Elaboración e utilización de estratexias para o cálculo mental, para o cálculo aproximado e para o cálculo con calculadora ou outros medios tecnolóxicos.

UD 3. Fraccións.

B2.3. Fraccións en ámbitos cotiáns. Fraccións equivalentes. Comparación de fraccións. Representación, ordenación e operacións.

B2.4. Números decimais: representación, ordenación e operacións.

B2.5. Relación entre fraccións e decimais. Conversión e operacións.

B2.13. Potencias de números fraccionarios con expoñente natural: operacións

UD 4. Proporcionalidade e porcentaxes.

B2.15. Cálculos con porcentaxes (mental, manual e con calculadora). Aumentos e diminucións porcentuais.

B2.16. Razón, proporción e taxa. Taxa unitaria. Factores de conversión. Magnitudes directamente proporcionais. Constante de proporcionalidade.

B2.17. Resolución de problemas nos que interveña a proporcionalidade directa ou variacións porcentuais. Repartición directamente proporcional.

O segundo trimestre estará dedicado basicamente á Álgebra do Bloque 2 e á Xeometría do Bloque 3. En total destínanse 9 semanas distribuídas do seguinte modo:

B 2. Números e Álgebra	UD 5. Iniciación á linguaxe alxébrica.	1
	UD 6. Ecuacións de primeiro grao cunha incógnita.	3
B 3. Xeometría	UD 7. Elementos básicos da xeometría do plano.	1
	UD 8. Medida de ángulos, perímetros e superficies no plano.	4
Total semanas		9

UD 5. Iniciación á linguaxe alxébrica.

B2.18. Iniciación á linguaxe alxébrica.

B2.19. Tradución de expresións da linguaxe cotiá, que representen situacións reais, á alxébrica, e viceversa.

B2.20. Significados e propiedades dos números en contextos diferentes ao do cálculo: números triangulares, cadrados, pentagonais...

B2.21. A linguaxe alxébrica para xeneralizar propiedades e simbolizar relacións. Obtención de fórmulas e termos xerais baseada na observación de pautas e regularidades. Valor numérico dunha expresión alxébrica.

UD 6. Ecuacións de primeiro grao cunha incógnita.

B2.22. Ecuacións de primeiro grao cunha incógnita (métodos alxébrico e gráfico). Resolución. Interpretación das solucións. Ecuacións sen solución. Resolución de problemas.

UD 7. Elementos básicos da xeometría do plano.

- B3.1. Elementos básicos da xeometría do plano. Relacións e propiedades de figuras no plano: paralelismo e perpendicularidade.
- B3.2. Ángulos e as súas relacións.
- B3.3. Construcións xeométricas sinxelas: mediatriz e bisectriz. Propiedades.
- B3.4. Figuras planas elementais: triángulo, cadrado e figuras poligonais.
- B3.5. Clasificación de triángulos e cuadriláteros. Propiedades e relacións.

UD 8. Medida de ángulos, perímetros e superficies no plano.

- B3.6. Medida e cálculo de ángulos de figuras planas.
- B3.7. Cálculo de áreas e perímetros de figuras planas. Cálculo de áreas por descomposición en figuras simples.
- B3.8. Circunferencia, círculo, arcos e sectores circulares

O terceiro trimestre estará dedicado basicamente a finalizar o Bloque 3, co cálculo de volúmenes e aos Bloque 4: Funcións e ao Bloque 5: Estatística e probabilidade. En total destínanse 10 semanas distribuídas do seguinte modo:

B 3. Xeometría	UD 9. Poliedros, cálculo de áreas e volumes.	2
B 4. Funcións	UD 10. Coordenadas cartesianas. Concepto de función.	1
	UD 11. Funcións lineais.	2
B 5. Estatística e Probabilidade	UD 12. Estatística descritiva.	3
	UD 13. Probabilidade.	2
Total semanas		10

UD 9. Poliedros, cálculo de áreas e volumes.

- B3.9. Poliedros e corpos de revolución: elementos característicos e clasificación. Áreas e volumes
- B3.10. Propiedades, regularidades e relacións dos poliedros. Cálculo de lonxitudes, superficies e volumes do mundo físico.

B3.11. Uso de ferramentas informáticas para estudar formas, configuracións e relacións xeométricas.

B3.12. Uso do programa Geogebra para deseño de elementos arquitectónicos básicos (portas, fiestras, rosetóns, mosaicos, etc.)

UD 10. Coordenadas cartesianas. Concepto de función.

B4.1. Coordenadas cartesianas: representación e identificación de puntos nun sistema de eixes coordenados.

B4.2. Concepto de función: variable dependente e independente. Formas de presentación (linguaxe habitual, táboa, gráfica e fórmula).

UD 11. Funcións lineais.

B4.3. Funcións lineais. Cálculo, interpretación e identificación da pendente da recta. Representacións da recta a partir da ecuación e obtención da ecuación a partir dunha recta.

B4.4. Utilización de calculadoras gráficas e software específico para a construción e a interpretación de gráficas.

UD 12. Estatística descritiva.

B5.1. Poboación e individuo. Mostra. Variables estatísticas.

B5.2. Variables cualitativas e cuantitativas.

B5.3. Frecuencias absolutas, relativas e acumuladas.

B5.4. Organización en táboas de datos recollidos nunha experiencia.

B5.5. Diagramas de barras e de sectores. Polígonos de frecuencias.

B5.6. Medidas de tendencia central.

B5.7. Utilización de calculadoras e ferramentas tecnolóxicas para o tratamento de datos, creación e interpretación de gráficos e elaboración de informes.

UD 13. Probabilidade.

B5.8. Fenómenos deterministas e aleatorios.

B5.9. Formulación de conxecturas sobre o comportamento de fenómenos aleatorios sinxelos e deseño de experiencias para a súa comprobación.

B5.10. Frecuencia relativa dun suceso e a súa aproximación á probabilidade mediante a simulación ou experimentación.

B5.11. Sucesos elementais equiprobables e non equiprobables.

B5.12. Espazo mostral en experimentos sinxelos. Táboas e diagramas de árbore sinxelos.

B5.13. Cálculo de probabilidades mediante a regra de Laplace en experimentos sinxelos.

2º ESO

O primeiro trimestre estará dedicado basicamente aos Números e Álgebra do bloque 2. En total destínanse 11 semanas do curso distribuídas do seguinte modo:

B 2. Números e Álgebra	UD 1. Números enteiros.	2
	UD 2. Fraccións e decimais.	2
	UD 3. Potencias e raíces.	1
	UD 4. Proporcionalidade e porcentaxes.	2
	UD 5. Iniciación á linguaxe alxébrica.	2
	UD 6. Ecuacións de primeiro cunha incógnita.	2
Total semanas		11

UD 1. Números enteiros.

B2.1. Números enteiros: representación, ordenación na recta numérica e operacións. Operacións con calculadora.

B2.8. Xerarquía de operacións.

B2.9. Elaboración e utilización de estratexias para o cálculo mental, para o cálculo aproximado e para o cálculo con calculadora ou outros medios tecnolóxicos.

UD2. Fraccións e decimais.

B2.2. Fraccións: fraccións equivalentes, comparación e ordenación de fraccións, representación e operacións combinadas.

B2.3. Números decimais: representación, expresión decimal e fraccionaria, aproximación e operacións.

B2.4. Relación entre fraccións e decimais. Conversión e operacións.

UD 3. Potencias e raíces.

B2.5. Potencias: potencias de números enteiros e fraccionarios con expoñente natural. Operacións.

B2.6. Potencias de base 10: notación científica para representar números grandes.

B2.7. Cadrados perfectos. Raíces cadradas.

UD 4. Proporcionalidade e porcentaxes.

B2.10. Cálculos con porcentaxes (mental, manual e con calculadora). Aumentos e diminucións porcentuais.

B2.11. Razón, proporción e taxa. Taxa unitaria. Factores de conversión. Magnitudes directa e inversamente proporcionais. Constante de proporcionalidade.

B2.12. Resolución de problemas nos que interveña a proporcionalidade directa ou inversa, ou variacións porcentuais. Repartición directamente e inversamente proporcional.

UD 5. Iniciación á linguaxe alxébrica.

B2.13. Tradución de expresións da linguaxe cotiá, que representen situacións reais, á alxébrica, e viceversa.

B2.14. Significados e propiedades dos números en contextos diferentes ao do cálculo: números triangulares, cadrados, pentagonais, etc.

B2.15. A linguaxe alxébrica para xeneralizar propiedades e simbolizar relacións. Obtención de fórmulas e termos xerais baseada na observación de pautas e regularidades. Valor numérico dunha expresión alxébrica.

UD 6. Ecuacións de primeiro grao cunha incógnita.

B2.16. Operacións con expresións alxébricas sinxelas. Transformacións equivalencias. Identidades. Operacións con polinomios en casos sinxelos.

B2.17. Ecuacións de primeiro grao cunha incógnita. Resolución de problemas.

O segundo trimestre estará dedicado ao bloque 2 na súa parte dedicada a Sistemas Lineais, ao bloque 4 de Funcións e á Probabilidade do bloque. En total destínanse 9 semanas do curso distribuídas do seguinte modo:

B 2. Números e Álgebra	UD 7. Ecuacións de segundo grao cunha incógnita.	1
	UD 8. Sistemas de ecuacións lineais.	2
B 4. Funcións	UD 9. Coordenadas cartesianas. Concepto de función	1
	UD 10. Funcións lineais	3
B5. Estatística e Probabilidade	UD 11. Probabilidade.	2
Total semanas		9

UD 7. Ecuacións de segundo grao cunha incógnita.

B2.17. Ecuacións de psegundo grao cunha incógnita. Resolución de problemas.

UD 8. Sistemas de ecuacións lineais.

B2.18. Sistemas de dúas ecuacións lineais con dúas incógnitas. Métodos alxébricos e gráficos. Resolución de problemas.

UD 9. Coordenadas cartesianas. Concepto de función.

B4.1. Concepto de función: variable dependente e independente. Formas de representación (linguaxe habitual, táboa, gráfica e fórmula). Análise e comparación de gráficas.

UD 10. Funcións lineais.

B4.2. Funcións lineais. Cálculo, interpretación e identificación da pendente da recta. Representacións da recta a partir da ecuación e obtención da ecuación a partir dunha recta.

B4.3. Utilización de calculadoras gráficas e software específico para a construción e a interpretación de gráficas.

UD 11. Probabilidade.

B5.7. Fenómenos deterministas e aleatorios.

B5.8. Formulación de conxecturas sobre o comportamento de fenómenos aleatorios sinxelos e deseño de experiencias para a súa comprobación.

B5.9. Frecuencia relativa dun suceso e a súa aproximación á probabilidade mediante a simulación ou experimentación.

B5.10. Sucesos elementais equiprobables e non equiprobables.

B5.11. Espazo mostral en experimentos sinxelos. Táboas e diagramas de árbore sinxelo

B5.12. Cálculo de probabilidades mediante a regra de Laplace en experimentos sinxelos.

O terceiro trimestre estará dedicado a Estatística do bloque 5 á Xeometría do bloque 3. En total destínanse 10 semanas do curso distribuídas do seguinte modo:

B 5. Estatística e Probabilidade	UD 12. Estatística descritiva.	2
B 2. Xeometría	UD 13. Triángulos rectángulos. Teorema de Pitágoras.	2
	UD 14. Semellanza.	2
	UD 15. Corpos xeométricos.	4
Total semanas		10

UD 12. Estatística descritiva.

B5.1. Poboación. Mostra. Variables estatísticas. Frecuencias.

B5.2. Organización en táboas de datos recollidos nunha experiencia. B5.3. Diagramas de barras e de sectores. Polígonos de frecuencias. B5.4. Medidas de tendencia central.

B5.5. Medidas de dispersión: rango, cuartís, varianza...

B5.6. Utilización de calculadoras e fer. tecnolóxicas para o tratamento de datos, interpretación de gráficos e elaboración de informes

UD 13. Triángulos rectángulos. Teorema de Pitágoras.

B3.1. Triángulos rectángulos. Teorema de Pitágoras.

UD 14. Semellanza.

B3.2. Semellanza. Razón entre lonxitudes, áreas e volumes.

B3.3. Poliedros e corpos de revolución.

UD 15. Corpos xeométricos.

B3.4. Propiedades, regularidades e relacións dos poliedros. Cálculo de lonxitudes, superficies e volumes.

B3.5. Uso de ferramentas informáticas para estudar formas. Uso do programa Geogebra para deseño de elementos básicos (portas, rosetóns, mosaicos,...)

3ºESO - MATEMÁTICAS ACADÉMICAS

O primeiro trimestre estará dedicado ao bloque 2: Números e álgebra. En total destínanse 11 semanas do curso distribuídas do seguinte modo:

B 2. Números e Álgebra	UD 1. Números racionais e irracionais. Potencias e raíces.	3
	UD 2. Expresións alxébricas. Polinomios. Factorización.	3
	UD 3. Ecuacións de primeiro e segundo grao.	3
	UD 4. Sistemas lineais de ecuacións.	2
Total semanas		11

UD 1. Números racionais e irracionais. Potencias e raíces.

- B2.1. Números racionais. Transformación de fraccións en decimais e viceversa. Números decimais exactos e periódicos. Fracción xeratriz.
- B2.2. Operacións con fraccións e decimais. Cálculo aproximado e redondeo. Cifras significativas. Erro absoluto e relativo.
- B2.3. Potencias de números racionais con expoñente enteiro Significado e uso.
- B2.4. Potencias de base 10. Aplicación para a expresión de números moi pequenos. Operacións con números expresados en notación científica.
- B2.5. Raíces cadradas. Raíces non exactas. Expresión decimal. Expresións radicais: transformación e operacións.
- B2.6. Xerarquía de operacións.

UD 2. Expresións alxébricas. Polinomios. Factorización.

- B2.9. Transformación de expresións alxébricas. Igualdades notables. Operacións elementais con polinomios. Factorización de polinomios.

UD 3. Ecuacións de primeiro e segundo grao.

- B2.10. Ecuacións de segundo grao cunha incógnita. Resolución por distintos métodos.
- B2.11. Resolución de ecuacións sinxelas de grao superior a dous.
- B2.13. Resolución de problemas mediante a utilización de ecuacións e sistemas de ecuacións.

UD 4. Sistemas lineais de ecuacións.

- B2.12. Resolución de sistemas de dúas ecuacións lineais con dúas incógnitas
- B2.13. Resolución de problemas mediante a utilización de ecuacións e sistemas de ecuacións.

O terceiro trimestre estará dedicado a finalizar o bloque 2, ao bloque 4. Funcións e á Probabilidade do bloque 5. En total destínanse 9 semanas do curso distribuídas do seguinte modo:

B 2. Números e Álgebra	UD 5. Sucesións. Progresións aritméticas e xeométricas	3
B 4. Funcións	UD 6. Funcións. Estudo de gráficas de funcións.	1
	UD 7. Funcións afíns e lineais. Funcións cadráticas. Representación e estudo.	3
B 5. Estatística e Probabilidade	UD 8. Experimentos aleatorios. Sucesos e Espazo mostral. Regra de Laplace.	2
Total semanas		9

UD 5. Sucesións. Progresións aritméticas e xeométricas.

- B2.7. Investigación de regularidades, relacións e propiedades que aparecen en conxuntos de números. Expresión usando linguaxe alxébrica.
- B2.8. Sucesións numéricas. Sucesións recorrentes. Progresións aritméticas e xeométricas.

UD 6. Funcións. Estudo de gráficas de funcións.

- B4.1. Análise e descrición cualitativa de gráficas que representan fenómenos do ámbito cotián e doutras materias.
- B4.2. Análise dunha situación a partir do estudo das características locais e globais da gráfica correspondente.
- B4.3. Análise e comparación de situacións de dependencia funcional dadas mediante táboas e enunciados.
- B4.4. Utilización de calculadoras gráficas e programas de computador para a construción e a interpretación de gráficas.

UD 7. Funcións afíns e lineais. Funcións cadráticas. Representación e estudo.

- B4.5. Utilización de modelos lineais para estudar situacións provenientes de diferentes ámbitos de coñecemento e da vida cotiá, mediante a confección da táboa, a representación gráfica e a obtención da expresión alxébrica.
- B4.6. Expresións da ecuación da recta.
- B4.7. Funcións cuadráticas. Representación gráfica. Utilización para representar situacións da vida cotiá.

UD 8. Experimentos aleatorios. Sucesos e Espazo mostral. Regra de Laplace

- B5.11 Experiencias aleatorias. Sucesos e espazo mostral.
- B5.12 Cálculo de probabilidades mediante a regra de Laplace. Diagramas de árbore sinxelos. Permutacións, factorial dun número.
- B5.13 Utilización da probabilidade para tomar decisións fundamentadas en diferentes contextos.

O segundo trimestre estará dedicado ao bloque 2: Números e álgebra, ao bloque 4: Funcións e ao bloque 5: Estatística e Probabilidade. En total destínanse 10 semanas do curso distribuídas do seguinte modo:

B 5. Estatística e Probabilidade	UD 9. Estatística unidimensional.	2
B 3. Xeometría	UD 10. Xeometría no plano. Teorema de Tales. Semellanza de triángulos.	3
	UD 11. Movementos no plano.	2
	UD 12. Xeometría no espazo. Áreas e volumes.	3
Total semanas		10

UD 9. Estatística unidimensional

B5.1 Fases e tarefas dun estudo estadístico. Poboación e mostra. Variables estadísticas: cualitativas e cuantitativas discretas e continuas.
B5.2 Métodos de selección dunha mostra estadística. Representatividade dunha mostra.
B5.3 Frecuencias absolutas, relativas e acumuladas. Agrupación de datos en intervalos da maneira mais axeitada.
B5.4 Gráficas estadísticas.
B5.5 Parámetros de posición: cálculo, interpretación e propiedades.
B5.6 Parámetros de dispersión: cálculo, interpretación e propiedades.
B5.7 Diagrama de caixa e bigotes.
B5.8 Interpretación conxunta da media e a desviación típica.
B5.9 Identificación das fases e tarefas dun estudo estadístico. Análise e descrición de traballos relacionados coa estadística, con interpretación da información e detección de erros e manipulacións.
B5.10 Utilización de calculadora e outros medios tecnolóxicos axeitados para a análise, a elaboración e a presentación de informes e documentos sobre informacións estadísticas nos medios de comunicación.

UD 10. Xeometría no plano. Teorema de Tales. Semellanza de triángulos

B3.2 Uso de ferramentas pedagóxicas adecuadas, entre elas as tecnolóxicas, para estudar formas, configuracións e relacións xeométricas.
B3.3 Xeometría no plano.
B3.4 Teorema de Tales. División dun segmento en partes proporcionais. Semellanza de triángulos. Aplicación á resolución de problemas.

UD 11. Movementos no plano.

B3.6 Translacións, xiros e simetrías no plano.

UD 12. Xeometría no espazo. Áreas e volumes.

B3.1 Xeometría no espazo: poliedros e corpos de revolución.
B3.5 Xeometría do espazo: áreas e volumes.
B3.7 Xeometría do espazo. Elementos de simetría nos poliedros e corpos de revolución.
B3.8 A esfera. Intersección de planos e esferas.
B3.9 O globo terráqueo. Coordenadas xeográficas e fusos horarios. Lonxitude e latitude dun punto.

3ºESO - MATEMÁTICAS APLICADAS

O primeiro trimestre estará dedicado ao bloque 2: Números e álgebra. En total destínanse 11 semanas do curso distribuídas do seguinte modo:

B 2. Números e Álgebra	UD 1. Números racionais.	3
	UD2. Potencias de expoñente enteiro. Notación científica.	2
	UD 3. Expresións alxébricas. Polinomios. Operacións con polinomios.	2
	UD 4. Ecuacións de primeiro grao.	2
	UD 5. Ecuacións de segundo grao.	2
Total semanas		11

UD 1. Números racionais.

B2.2. Xerarquía de operacións.
B2.3. Números decimais e racionais. Transformación de fraccións en decimais. Números exactos e periódicos.
B2.4. Operacións con fraccións e decimais. Cálculo aproximado e redondeo. Erro cometido.
B2.5 Elaboración e utilización de estratexias para o cálculo mental, para o cálculo aproximado e para o cálculo con calculadora ou outros medios tecnolóxicos.

UD2. Potencias de expoñente enteiro. Notación científica.

B2.1. Potencias de números con expoñente enteiro. Significado e uso. Potencias de base 10. Aplicación para a expresión de números moi pequenos. Operacións con números expresados en notación científica. Aplicación a problemas extraídos do ámbito social e físico.

UD 3. Expresións alxébricas. Polinomios. Operacións con polinomios.

B2.9. Transformación de expresión alxébricas cunha indeterminada. Igualdades notables. Operacións elementais con polinomios

UD 4. Ecuacións de primeiro grao.

B2.10. Ecuacións de primeiro grao cunha incógnita. Resolución por distintos métodos.
B2.12. Resolución de problemas mediante a utilización de ecuacións e sistemas.

UD 5. Ecuacións de segundo grao.

B2.10. Ecuacións segundo grao cunha incógnita. Resolución por distintos métodos.
B2.12. Resolución de problemas mediante a utilización de ecuacións e sistemas.

O segundo trimestre estará dedicado a finalizar o bloque de álgebra cos sistemas de ecuacións e ao bloque 4: Funcións e ao bloque 5: Estatística e Probabilidade. En total destínanse 9 semanas do curso distribuídas do seguinte modo:

B 2. Números e Álgebra	UD 7. Sistemas de ecuacións lineais.	2
B 4. Funcións	UD 8. Función real de variable real.	2
	UD 9. Función lineal.	3
	UD 10. Función cuadrática.	2
Total semanas		9

UD 7. Sistemas de ecuacións lineais.

B2.12. Resolución de problemas mediante a utilización de ecuacións e sistemas.

UD 8. Función real de variable real.

B4.1. Análise e descrición cualitativa de gráficas que representan fenómenos do ámbito cotián e doutras materias. B4.2. Análise dunha situación a partir do estudo das características locais e globais da gráfica correspondente.

B4.3. Análise e comparación de situacións de dependencia funcional dadas mediante táboas e enunciados. B4.7. Utilización de calculadoras gráficas e software específico para a construción e interpretación de gráficas.

UD 9. Función lineal.

B4.4. Utilización de modelos lineais para estudar situacións provenientes de diferentes ámbitos de coñecemento e da vida cotiá, mediante a confección da táboa, a representación gráfica e a obtención da expresión alxébrica.

B4.5. Expresións da ecuación da recta.

B4.7. Utilización de calculadoras gráficas e software específico para a construción e a interpretación de gráficas.

UD 10. Función cuadrática.

B4.6. Funcións cuadráticas. Representación gráfica. Utilización para representar situacións da vida cotiá.

B4.7. Utilización de calculadoras gráficas e software específico para a construción e a interpretación de gráficas.

O terceiro trimestre estará dedicado ao bloque 5: Funcións e ao bloque 3: Xeometría. En total destínanse 10 semanas do curso distribuídas do seguinte modo:

Bloque	Temporalización dos Contidos do 3º trimestre	Nº sem.
B5. Estatística e Probabilidade	UD 11. Variables estadísticas e gráficos.	2
	UD 12. Parámetros de posición e de dispersión.	3
	UD 13. Xeometría do plano. Semellanza e figuras planas.	1
	UD 14. Movementos no plano.	1
	UD 15. Xeometría no espazo	3
Total semanas		10

UD 11. Variables estadísticas. Táboas de frecuencias. Gráficas estadísticas.

- B5.1. Fases e tarefas dun estudo estatístico. Poboación e mostra. Variables estatísticas: cualitativas, discretas e continuas.
- B5.2. Métodos de selección dunha mostra estatística. Representatividade dunha mostra.
- B5.3. Frecuencias absolutas, relativas e acumuladas. Agrupación de datos en intervalos.
- B5.4. Gráficas estatísticas: construción e interpretación.

UD 12. Parámetros de posición e de dispersión.

- B5.5. Parámetros de posición: media, moda, mediana e cuartís. Cálculo, interpretación e propiedades.
- B5.6. Parámetros de dispersión: rango, percorrido intercuartílico e desviación típica. Cálculo e interpretación.

UD 13. Xeometría do plano. Semellanza e figuras planas.

- B3.1. Xeometría do plano: mediatriz dun segmento e bisectriz dun ángulo; ángulos e as súas relacións; perímetros e áreas de polígonos; lonxitude e área de figuras circulares. Propiedades.
- B3.3. Teorema de Tales. División dun segmento en partes proporcionais. Aplicación á resolución de problemas. Escalas

UD 14. Movementos no plano.

- B3.4. Translacións, xiros e simetrías no plano.
- B3.5. Uso de ferramentas pedagóxicas adecuadas, entre elas as tecnolóxicas, para estudar formas, configuracións relacións xeométricas.

UD 15. Xeometría no espazo.

- B3.2. Xeometría do espazo: áreas e volumes
- B3.5. Uso de ferramentas pedagóxicas adecuadas, entre elas as tecnolóxicas, para estudar formas, configuracións e relacións xeométricas
- B3.6. O globo terráqueo. Coordenadas xeográficas. Latitude e lonxitude dun punto.

4ºESO - MATEMÁTICAS ACADÉMICAS

O primeiro trimestre estará dedicado basicamente ao bloque 3. Xeometría e bloque 2: Números e Álgebra. En total destínanse 11 semanas do curso distribuídas do seguinte modo:

B 3. Xeometría	UD 1. Semellanza.	2
	UD 2. Trigonometría.	2
	UD 3. Xeometría analítica no plano.	3
B 2. Números e Álgebra	UD 4. Números reais. Potencias e raíces.	2
	UD 5. Logaritmos.	2
Total semanas		11

UD 1 Semellanza.

B3.5. Semellanza. Figuras semellantes. Razón entre lonxitudes, áreas e volumes de corpos semellantes.

UD 2. Trigonometría.

B3.1. Medidas de ángulos no sistema sesaxesimal e en radiáns.

B3.2. Razóns trigonométricas de ángulos agudos e de ángulos calesquera.. Relacións entre elas. Relación entre as razóns trigonométricas de ángulos complementarios, suplementarios, opostos e que se diferencen en 180° . Relacións métricas nos triángulos. Resolución de triángulos rectángulos e oblicuángulos (usando a estratexia da altura) Relacións métricas nos triángulos.

B3.3. Aplicación dos coñecementos xeométricos á resolución de problemas métricos no mundo físico: medida de lonxitudes, áreas e vol.

UD 3. Xeometría analítica no plano.

B3.4. Iniciación á xeometría analítica no plano: coordenadas. Vectores. Suma de vectores e produto dun número por un vector. Ecuacións da recta. Paralelismo; perpendicularidade.

B3.6. Aplicacións informáticas de xeometría dinámica que faciliten a comprensión de conceptos e propiedades xeométricas.

UD 4. Números reais. Potencias e raíces.

B2.1. Recoñecemento de números que non poden expresarse en forma de fracción. Números irracionais. B2.2. Representación de números na recta real. Intervalos.

B2.3. Interpretación e utilización dos números reais, as operacións e as propiedades características en diferentes contextos, elixindo a notación e a precisión máis axeitada en cada caso.

B2.4. Potencias de expoñente enteiro ou fraccionario e radicais sinxelos. Relación entre potencias e radicais.

B2.5. Operacións e propiedades das potencias e dos radicais.

B2.6. Xerarquía das operacións.

B2.7. Cálculo con porcentaxes. Xuro simple e composto.

UD 5. Logaritmos.

B2.8. Logaritmos: definición e propiedades.

O segundo trimestre estará dedicado a finalizar o bloque 2 e ao bloque 4: Funcións. En total destínanse 9 semanas do curso distribuídas do seguinte modo:

B 2. Números e Álgebra	UD 6. Polinomios. Fraccións alxébricas.	2
	UD 7. Ecuacións e Sistemas de ecuacións. Sistemas non lineais.	3
	UD 8. Inecuacións.	2
B 4. Funcións	UD 9. Funcións. Funcións elementais. Taxa de variación media.	2
Total semanas		9

UD 6. Polinomios. Fraccións alxébricas.

B2.9. Manipulación de expresións alxébricas. Utilización de igualdades notables.

B2.10. Polinomios. Raíces e factorización.

B2.12. Fraccións alxébricas. Simplificación e operacións.

UD 7. Ecuacións e Sistemas de ecuacións. Sistemas non lineais.

- B2.11. Ecuacións de grao superior a dous.
- B2.13. Resolución de problemas cotiáns e doutras áreas de coñecemento mediante ecuacións e sistemas.
- B2.15. Sistemas non lineais.
- B2.16. Ecuacións racionais, irracionais, exponenciais e logarítmicas.

UD 8. Inecuacións.

- B2.14. Inecuacións de primeiro e segundo grao. Interpretación gráfica. Inecuacións racionais. Resolución de problemas.

UD 9. Funcións. Funcións elementais. Taxa de variación media.

- B4.1. Interpretación dun fenómeno descrito mediante un enunciado, unha táboa, unha gráfica ou unha expresión analítica. Análise de resultados.
- B4.2. Funcións elementais (lineal e definidas en anacos): características e parámetros.
- B4.3. Taxa de variación media como medida da variación dunha función nun intervalo.

O terceiro trimestre estará dedicado a rematar o bloque 4: Funcións e ao bloque 5: Estatística e Probabilidade. En total destínanse 10 semanas do curso distribuídas deste xeito:

B 4. Funcións	UD 10. Funcións cuadráticas, de proporcionalidade inversa, exponenciais e logarítmicas.	3
B 5. Estatística e Probabilidade	UD 11. Estatística descriptiva. Distribucións bidimensionais.	3
	UD 12. Combinatoria.	2
	UD 13. Probabilidade.	2
Total semanas		10

UD 10. Funcións cuadráticas, de proporcionalidade inversa, exponenciais e logarítmicas.

- B4.2. Funcións elementais (cuadrática, proporcionalidade inversa, exponencial e logarítmica): características e parámetros.
- B4.4. Utilización de calculadoras gráficas e software específico para a construción e a interpretación de gráficas.
- B4.5. Recoñecemento doutros modelos funcionais: aplicacións a contextos e situacións reais.

UD 11. Estatística descriptiva. Distribucións bidimensionais.

- B5.7. Identificación das fases e as tarefas dun estudo estatístico.
- B5.8. Gráficas estatísticas: tipos de gráficas. Análise crítica de táboas e gráficas estatísticas nos medios de comunicación e en fontes públicas (IGE, INE, etc.) Detección de falacias.
- B5.9. Medidas de centralización e dispersión: interpretación, análise e utilización.
